

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS DIAGNOSTICAD@S DE CANCRO DE MAMA E XINECOLÓXICO - ADICAM PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E ASESORAMENTO SOCIO-ASISTENCIAL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Vigo, 27 de outubro de 2020

REUNIDOS

Dunha banda, M^{ra} Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, a Asociación de diagnosticad@s de cancro de mama e xinecolóxico (ADICAM), CIF G-36380301, representada por Olga Sotelo Pastoriza, que actúa en nome e representación da mesma en virtude da súa condición de Presidenta, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto na elección da Asemblea Xeral celebrada o 12 de marzo de 2016.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e,

EXPOÑEN

Primeiro.


Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.

Que a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo



Xacobeo 2021

1




2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.

Terceiro

Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

Cuarto

Constitúe o obxecto da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero a adopción de medidas integrais para a sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero, así como a protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Ademais, os principios xerais de dita lei inciden na importancia da prevención da violencia a través da sensibilización así como a través da cooperación e coordinación tal e como sinala o artigo 4 da lei: os poderes públicos galegos intensificarán as accións para a cooperación e coordinación interinstitucional dos recursos e instrumentos contra a violencia de xénero, promovendo a colaboración e a participación das asociacións de mulleres.

Quinto.

Que o artigo 7.2 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que o departamento competente en materia de Igualdade establecerá axudas económicas destinadas a que o movemento asociativo en Galicia desenvolva actividades que promovan a prevención e a erradicación da violencia de xénero.

Sexto.

Que a Asociación de persoas diagnosticad@s de cancro de mama e xinecolóxico (ADICAM), é asociación sen ánimo de lucro, que conta con 1550 socios e socias, formada por unha amalgama de persoas afectadas de cancro de mama/xinecolóxico, afectadas doutro proceso oncolóxico ou persoas colaboradoras que solidarizan coa causa. Está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPPS), dependente da Consellería de Política Social desde o ano 2001 con número de inscrición E-1477.



Sétimo

Que a Asociación de diagnosticad@s con cancro de mama e xinecolóxico (ADICAM), leva a cabo actividades de información e sensibilización, traballo en prol da igualdade de xénero, concienciar a poboación en xeral sobre temáticas relacionadas coa igualdade, facendo especial fincapé na violencia de xénero e nos colectivos máis vulnerables, defensa das políticas de igualdade de xénero e de violencia de xénero de maneira transversal en todos os ámbitos da vida.

Oitavo

Que, pola súa dimensión e capacidade de chegar a un importante número de mulleres e pola súa experiencia e recoñecemento como entidade que traballa a favor da igualdade entre homes e mulleres, a Asociación de diagnosticad@s de cancro e xinecolóxico (ADICAM), reúne as condicións para o desenvolvemento de actuacións de atención e de asesoramento socio-asistencial de mulleres vítimas de violencia de xénero, programa que non pode asumir outra asociación destas características en Galicia por ser ADICAM a única asociación existente na provincia de Pontevedra que reúne a experiencia precisa.

Noveno.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero, neste caso enfermas de cancro, un apoio e acompañamento especializado a través de persoas con formación nos diferentes ámbitos socio-asistenciais, legais e laborais.

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:


CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a de Asociación de



Xacobeo 2021



galicia

diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecológico (ADICAM), para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a mulleres, preferentemente vítimas de violencia de xénero, nos seguintes campos: atención e asesoramento social, servizo de atención psicolóxica, servizo de asesoramento xurídico, prospección laboral e adaptación laboral, obradoiros de habilidades sociais, acompañamento hospitalario.

SEGUNDA.-Compromisos das partes.

a) A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría xeral da Igualdade, comprométese a facilitar o material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia de xénero que precise a Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecológico (ADICAM), así como a poñer á súa disposición persoal técnico especializado para a coordinación conxunta de actuacións de apoio ás vítimas da violencia de xénero.

b) A Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecológico (ADICAM), comprométese a desenvolver as actuacións de asesoramento social, psicológico, laboral, en todo o territorio onde teña implantación, buscando sempre que sexa preciso a colaboración e coordinación cos servizos públicos (servizos sociais e centros de información ás mulleres), correspondentes en cada caso.

TERCEIRA.- Financiamento.

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Secretaría Xeral da Igualdade aboará a Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecológico (ADICAM), a cantidade total de 15.000 € (quince mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

CUARTA.- Xustificación e Pagamento.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, número de persoas participantes/usuarios de cada unha delas, datas e lugares de realización, e dos resultados obtidos.
- Un **exemplar de todos os materiais** que se elaborasen, ao abeiro do convenio, nos que



deben figurar os logos da Secretaría Xeral da Igualdade e do Ministerio de Igualdade.

- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas, nóminas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha **declaración** asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF** ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados **entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 15 de decembro de 2020**, e **deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con data límite 17 de decembro de 2020**. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe



5

subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificados. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

QUINTA.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SEXTA. Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono



móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SÉTIMA.- Obrigas

No desenvolvemento das actuacións sinaladas neste convenio a Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecolóxico (ADICAM), adquire os seguintes compromisos e obrigas, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable:

- a) Non percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias destes programas, e facer constar en toda a publicidade ou presentación pública que se realice a colaboración técnica e financeira que presta a Secretaría Xeral da Igualdade e o Ministerio de Igualdade, utilizando correctamente a identificación da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade e do Ministerio citado.
- b) A facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- c) A cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- d) A comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- e) A reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para

a súa concesión.

OITAVA.- Compatibilidade

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

NOVENA.-Duración.

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2020.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e a Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría Xeral da Igualdade) de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

DÉCIMO PRIMEIRA.-Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobramento ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.





En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Será causa de extinción deste Convenio

- a) O incumprimento inxustificado, total ou parcial, dos compromisos establecidos.
- b) O mutuo acordo, que deberá ser motivado e manifestado por escrito antes da finalización do Convenio.
- c) A desaparición das causas que motivaron a sinatura do Convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos personais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a entidade Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecológico (ADICAM), en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Consellería de Emprego e Igualdade (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da dita subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da



sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico do Convenio, Seguimento e Control.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado no texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

En todo caso, o Convenio no se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Emprego e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.




Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos do mesmo que poidan xurdir, créase unha comisión mixta, que estará integrada por:

- Pola Consellería de Emprego e Igualdade: A secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría.
- pola Asociación de diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecológico (ADICAM), a súa presidenta ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

A CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE
P.D (D. A. 2ª Decreto 130/2020, do 17/9/20)
A SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE
DIAGNOSTICAD@S DE CANCRO DE MAMA E
XINECOLÓXICO (ADICAM)


Susana López Abella


Olga Sotelo Pastoriza